



CONCELLO DA CAPELA

As Neves, 46-A • 15613 A CAPELA (A Coruña)

Teléfono: 981 459 006 • Fax: 981 459 371

E. electrónico: correo@acapela.dicoruna.es •

www.concellodacapela.es

Artigo 1º

De conformidade co previsto no RDL 2/2004, do 5 de marzo, que recolle o Texto Refundido da Lei reguladora das facendas locais, as tarifas do Imposto sobre Vehículos de Tracción Mecánica aplicables neste concello serán as seguintes:

POTENCIA E CLASE VEHICULOS	COTA EUROS
A) TURISMOS	
De menos de oito cabalos fiscais	16,41
De 8 ata 11,99 cabalos fiscais	44,30
De 12 ata 15,99 cabalos fiscais	93,52
De 16 ata 19,99 cabalos fiscais	116,49
De 20 ou máis cabalos fiscais	145,60
B) AUTOBUSES	
De menos de 21 prazas	108,29
De 21 a 50 prazas	154,23
De máis de 50 prazas	192,79
C) CAMIONS	
De menos de 1.000 kilogramos de carga útil	54,96
De 1.000 a 2.999 kilogramos de carga útil	108,29
De máis de 2.999 a 9.999 kilogramos de carga útil	154,23
De máis de 9.999 kilogramos de carga útil	192,79
D) TRACTORES	
De menos de 16 cabalos fiscais	22,97
De 16 a 25 cabalos fiscais	36,10
De máis de 25 cabalos fiscais	108,29
E) REMOLQUES E SEMIRREMOLQUES POR VEHÍCULOS DE TRACCIÓN MECÁNICA	
De menos de 1.000 e máis de 750 kilogramos de carga útil	22,97
De 1.000 a 2.999 kilogramos de carga útil	36,10
De máis de 2.999 kilogramos de carga útil	108,29
F) VEHICULOS	
Ciclomotores	5,75
Motocicletas ata 125 centímetros cúbicos	5,75
Motocicletas de máis de 125 ata 250 centímetros cúbicos	9,84
Motocicletas de máis de 250 ata 500 centímetros cúbicos	19,70



CONCELLO DA CAPELA

As Neves, 46-A • 15613 A CAPELA (A Coruña)

Teléfono: 981 459 006 • Fax: 981 459 371

E. electrónico: correo@acapela.dicoruna.es •

www.concellodacapela.es

Motocicletas de máis de 500 ata 1.000 centímetros cúbicos	39,38
Motocicletas de máis de 1.000 centímetros cúbicos	78,75

Artigo 2.º

O pago do imposto acreditarase mediante recibos tributarios.

Artigo 3.º

1. No caso de primeira adquisición dun vehículo ou cando estes se reformen de maneira que se altere a súa clasificación a efectos do presente imposto, os suxeitos pasivos presentarán ante a oficina xestora correspondente, no prazo de trinta días a contar dende a data de adquisición ou reforma; declaración por este imposto segundo modelo ao que se acompañará a documentación acreditativa da súa compra ou modificación, certificado das súas características técnicas e o DNI ou CIF do suxeito pasivo. O importe da cota do imposto prorratearase por trimestres naturais nos casos de primeira adquisición ou baixa definitiva do vehículo.

2. Pola oficina xestora practicarase a correspondente liquidación normal ou complementaria, que será notificada individualmente aos interesados, con indicación do prazo de ingreso e dos recursos procedentes.

Artigo 4.º

1. No caso de vehículos matriculados ou declarados aptos para a circulación, o pago das cotas anuais do imposto realizarase dentro do primeiro semestre de cada exercicio.

2. No suposto regulado no apartado anterior a recadación das correspondentes cotas realizarase mediante o sistema de padrón anual no que figurarán tódolos vehículos suxeitos ao imposto que se atopen inscritos no correspondente rexistro público a nome de persoas ou entidades domiciliadas neste termo municipal.

3. O padrón ou matrículas do imposto expoñerase ao público polo prazo de 15 días hábiles, para que os lexítimos interesados poidan examinalo e, no seu caso, formular as reclamacións oportunas. A exposición ao público anunciarase no Boletín Oficial da Provincia, e producirá os efectos de notificación da liquidación a cada un dos suxeitos pasivos.



CONCELLO DA CAPELA

As Neves, 46-A • 15613 A CAPELA (A Coruña)

Teléfono: 981 459 006 • Fax: 981 459 371

E. electrónico: correo@acapela.dicoruna.es •

www.concellodacapela.es

Artigo 5.º

Para o que non estea previsto na presente ordenanza, rexerá o sinalado na subsección 2.^a, da sección 3.^a, do capítulo II, do título II, da referida Lei 39/1988, e demais lexislación concordante e complementaria que se dicte para o seu desenvolvemento.

Artigo 6º .-Bonificacións

Establécese unha bonificación do 100% da cota do Imposto de Vehículos de Tracción Mecánica para os vehículos históricos ou aqueles que teñan unha antigüidade mínima de vinte e cinco anos, contados a partir da data da súa fabricación. Se esta non se coñecera, tomarase como tal a da súa primeira matriculación ou, no seu defecto, a data na que o correspondente tipo ou variante se deixou de fabricar.

Disposición final

Unha vez efectuada a publicación do texto íntegro da presente ordenanza no Boletín Oficial da Provincia, entrará en vigor con efectos dende o día 1 de xaneiro de 2002, continuando a súa vixencia ata que se acorde, polo Pleno do Concello, a súa modificación ou derogación.